




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Cedeira. Concello: Cedeira. Parroquia: Santa María do Mar e San Cosme de Piñeiro (ocupa a maior parte); Santalla de Cervo e Santa María de Régoa, nos extremos N e NE e San Fiz de Esteiro no S. Extensión: 9,93 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade especial de esteiro debido a que o dominio sedimentario o establece un arco areoso asentado nunha gran enseada. Trátase do lóbulos setentrional da ría de Cedeira. Esta ten a súa orixe nun aparato fluvial afundido e anegado polo mar, aínda que hai influencias tectónicas e litolóxicas de erosión diferencial que explican o modelado de detalle. Defínese por un semicírculo pechado ao norte polo Penedo Negro do Eixil (274 m snm), ao leste polo Monte do Outeiro e Coto Guimil, duns 180 m snm cada un e ao sur polo Monte da Croa, de 140 m snm. Cara ao NE, un corredor deprimido derivado da erosión diferencial e de orientación tectónica, permite a apertura do cerco. O suco do río Condomiñas anchea a estreita chaira litoral e bifúrcase coa súa rama principal cara ao NE. Fronte costeira composta polo areal da Madanela e o delta submareal do Condomiñas. Despois dunha chaira costeira comezan as vertentes, cara aos cumes, de pendente variable e moderada, maior cara ao SE e N e menor cara ao E.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A base rochosa pertence ao Complexo de Cabo Ortegal, do Precámbrico-Cámbrico, aparecendo: rochas metabásicas en facies granulítica e anfibolítica na metade noroccidental; gneis de dúas micas na metade sudoriental. Nesta segunda unidade aparecen numerosos enclaves de granito de dúas micas de idade herciniana. Nos materiais sedimentarios destacan os sedimentos do cordón litoral da Madalena e aluviais do fondo dos cursos do Condomiñas e A Veiga.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 14°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano non superan os 1000 mm anuais polo que a unidade pertence ao dominio climático Cálido e Seco. Non obstante, nas vertentes dos montes que flanquean o esteiro, Monte Eixil ao oeste e Montes dos Caudales ao leste, hai un lixeiro incremento das precipitacións definindo un dominio subhúmido con valores próximos aos 1200 mm anuais.

OS SOLOS

A litoloxía básica e gnéica introduce a presenza dos solos lehm (segundo terminoloxía Kúbiens), dominando os horizontes dístricos e órticos. Os solos máis profundos e evolucionados, no corredor central deprimido de Cedeira e val do río Condomiñas, son fluvisoles dístricos (veigas de lehm), que nas zonas máis deprimidas e con drenaxe impedida poden presentar trazos gleicos. Nas ladeiras do SE e N aparece acrisol órtico, que se limita a umbrisol dístrico nas elevacións sudorientais, cumes de Gúimil e Outeiro. Sobre Cedeira, o Monte Eixil contén leptosol lítico no cumo e umbrisol dístrico nas ladeiras. O Monte da Croa achega tamén un umbrisol dístrico na vertente meridional da unidade.


AS AUGAS

A rede fluvial está composta polo curso baixo do Río Condomiñas ao que se lle une o Rego das Pontigas pola súa marxe esquerda pouco antes de chegar ao núcleo de Cedeira; ambas as dúas correntes forman a masa de Augas de Transición 20462. Tamén forma parte da unidade o Rego da Veiga que verte as súas augas na masa de Augas Costeiras da Ría de Cedeira (20119) á altura da praia da Madalena.

O PATRIMONIO NATURAL

- Unidade moi modificada pola presenza da vila de Cedeira, non tendo figura de protección, como tramo de transición entre outros de acantilado si protexidos polo LIC Costa Ártabra. O delta do Condomiñas, sobre todo submareal de augas superficiais, permite que falemos do hábitat 1110 e 1140 de bancos areosos intermareais e submareais. A praia da Madanela contén un cordón dunar moi alterado pero que mantén pequenas áreas onde son distinguibles os hábitats do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Resultan de bastante interese as masas ripícolas existentes no val do río Condomiñas -de algo menos de 30 ha- e na depresión existente tras a praia da Madanela -de preto de 12 ha, asociadas a zonas hidromorfas (6420) e pequenos arriolos. O abandono dos campos de cultivo e a existencia dunha densa rede de lindes vexetados posibilita a existencia de frecuentes rodais de frondosas de recolonización en toda a unidade. Conta con dúas citas do taxon vulnerable protexido *Crepis novoana*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade desenvólvese unha elevada diversidade de usos. Os repoboacións forestais cobren os montes que configuran o seu fondo escénico ata a cota dos 100 de altitude, propiciando os usos forestais. O mosaico agrícola a partir desta cota mostra a continuidade da actividade agraria, atopándose especialmente conservado na vertente noroeste do val, conservando os socalcos e bancais tradicionais, e mostrando lindes recolonizados por formacións arbóreas de recolonización. No fondo do esteiro, e ocupando as dúas marxes da desembocadura do río de Condomiñas, teñen a súa presenza os usos derivados da vila de Cedeira e o seu porto: residenciais, industriais, terciarios e turísticos debido ao atractivo da praia, pero tamén pesqueiro, o cal se ve complementado polas actividades de marisqueo da chaira intermareal.

MORFOLOXÍA

A vila de Cedeira (núcleo de identidade litoral) é a capital do seu municipio, con preto de 5000 habitantes. O seu enclave de esteiro e a súa orixe mariñeira configúranse como Núcleo de Identidade Litoral. Ocupa as dúas marxes da desembocadura do río Condomiñas, na súa vertente dereita desenvólvese o núcleo orixinario medieval e como tal, circundado entón por murallas; mentres que a súa expansión contemporánea tivo lugar na marxe esquerda, con rúas máis rectilíneas e de maior sección, con amplas prazas. O porto pesqueiro e comercial é o principal motor socioeconómico da vila. O sistema de asentamentos complétase cos núcleos rurais tradicionais situados a media ladeira e configurando tanto unha estrutura lineal, como os de Espasante, Noval, A Arba ou A Areosa na vertente noroeste, e O Coto, Vista Alegre, ou A Estoxa na suroriental, como unha diseminada seguindo o socalcamento da ladeira, en Cordobelas ou a agrupación dos casaríos do Taraño, O Barral, A Casavella, etc. en Santa María de Régoa.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede primaria autonómica está representada pola AC-566 que constitúe a principal vía de comunicación. A trama viaria complétase coas provinciais C-2203 e C-2204. Xunto a estas vías principais, unha tupida trama de pistas e camiños percorre o conxunto da unidade. Por outra parte, Cedeira conta cun dos máis importantes portos pesqueiros de Galicia.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No referente ao patrimonio arqueolóxico figuran os restos do castelo da Concepción e a súa batería (BIC), construído en 1747 como medio de defensa da vila e destruído tras a guerra con Inglaterra. Sitúase nas proximidades das instalacións portuarias. No casco antigo de Cedeira localízase un amplo inventario de bens inmobles entre os que cabe destacar unha casa do século XVII, a igrexa parroquial e a casa reitoral ou os restos da vella muralla cedeirense. Na marxe esquerda, citar as escolas de Santa María do Mar e de San Cosme na parroquia de Piñeiro, a capela do Amor Hermoso e varios inmobles singulares. Na parroquia de Régoa, o conxunto ao redor da igrexa de Santa María.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter vén determinado pola súa vocación mariñeira que está na orixe da vila de Cedeira. As actividades agrícolas complementan a súa identidade xunto á máis recente explotación forestal nas ladeiras circundantes que enmarcan a unidade. En canto á organización da paisaxe, un anfiteatro natural rodeado por un conxunto de elevacións que no seu extremo noroccidental alcanza a cota dos 300 metros, e que se ve interrompido polo val labrado polo río Condomiñas e o río da Veiga. O seu centro funcional configúrase ao redor do tramo final do Condomiñas, no que se asenta o núcleo urbano de Cedeira. A fronte litoral está presidida por un amplo sistema de praia-duna pechado polos contrafortes de Penedo Negro e Coto das Croas. Pequenos núcleos rurais sitúanse a media ladeira, no punto de transición das leiras de cultivo e os terreos dedicados á explotación forestal.

DINÁMICA DA PAISAXE

- Cabe destacar como dinámicas recentes a expansión urbana da vila de Cedeira na marxe esquerda do río, que xerou zonas de presión sobre elementos naturais de especial valor como a praia da Magdalena, e o crecemento residencial desvinculado das actividades rurais e da funcionalidade urbana que se configura ao longo das vías de comunicación, sobre as terras que tradicionalmente se dedicaban ao cultivo.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A configuración de esteiro da unidade de Cedeira e a súa especial morfoloxía son a base dos seus valores xeomorfolóxicos e ecolóxicos, residindo nos bancos areosos da chaira intermareal e do sistema praia-duna da Magdalena, así como nas formacións húmidas do val do río Condomiñas e da vertente traseira da mesma praia. Ademais o diverso patrimonio cultural do modelo de asentamento, especialmente no núcleo de Cedeira e o seu contorno, completan o dominio de valores máis destacables. A configuración en anfiteatro da unidade outórgalle unha lexibilidade unitaria e global á escena, que se focaliza na imaxe da vila e o seu porto tanto pola súa condición de figura respecto ao fondo, como polo seu encadre, con dous dos salientes da ría, Punta Sarrida, ao norte; e o Espazo de Interese Paisaxístico de Outeiro da Nosa Señora no Monte da Croa no sur. A lámina de auga do esteiro, os areais, a vila, as ladeiras con socalcos e as formacións forestais achéganlle ao conxunto unha diversidade cromática e textura moi elevada. Para a observación da escena propónse como punto de observación o faro de Punta Robaleira, na unidade oeste de Monte da Croa, e como punto de acceso ás visuais exteriores da ría de Cedeira figura dende a propia unidade, propónse como punto de observación os restos do Castelo da Concepción.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Desenvolvementos residenciais dispersos, dende o trazado da estrada AC-566 ata a praia da Madalena dende o lugar da Madalena ao sur, que están desvinculados das actividades rurais e non presentan unha funcionalidade urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, dándolle carácter estrutural ao curso do regato que desemboca na praia, como corredor ecolóxico, minimizar a presión sobre a praia e mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



